

Xornadas
Euskadi-
Galiza en
Allariz



Páxina 10

Festa da
Rosca en
Sober



Páxina 14

XXX Festival
da Poesía no
Condado



Páxina 38

Entrevista ao
Alcalde da
Guarda



Páxinas 44 - 45

Festival
Groba
2016



Contraportada

Concurso cortadores de xamón da Cañiza



■ Foto: Hernández



DECLARADA DE INTERÉS TURÍSTICO NACIONAL

26 e 27 de agosto
**FESTA DA
ISTORIA**
RIBADAVIA
2016



festadaistoria.com

Opinión

Cadernos da viaxe

Por: Xoán Antón Pérez-Lema

Incapacidades das esquerdas españolas

Diciá Josep Plà que o máis semellante que había a un español de dereitas era un español de esquerdas. Porque partillaban doutrinas dogmáticas e impermeábeis, refractarias á negociación e unha idea de España unitaria, que percibía a plurinacionalidade como realidade que cumpría superar, cando non coma inimiga.

Os anos decorridos non teñen mudado substancialmente as posicións políticas. As esquerdas españolas ben puideron achegarse á realidade plurinacional do Estado con sinceridade e mesmo aprezo no autogoberno das nacionalidades a chave que servise de ferramenta para construír unha sociedade máis xusta, próspera e inclusiva. Mais mercáronlle o discurso territorial á dereita, sen entender que a democracia na España só se pode construír sobre o respecto á liberdade das distintas nacións.

A esquerda española careceu na Galicia dun discurso a respecto do medio rural ou dos problemas do mar, como tampouco a respecto da economía social, as pequenas e medianas empresas ou as diferentes bases económicas da actividade produtiva galega a respecto da española. Estas cuestións, que afectan aos problemas da xente común, foron sistemática-

mente esquecidas das axendas “progresistas” españois.

Ao tempo, o autogoberno víase ás veces como angueira periférica pequenoburguesa e, no mellor dos casos, como cuestións secundarias. O certo é que para un progresista español a cuestión nacional galega é secundaria, porque non se trata dun problema da súa nación.

Unha auténtica esquerda federal pensaría en global, mais actuaría en local. Enchouparíase primeiro dos problemas e características económicas, sociais e culturais do País para logo propór solucións reais e acaídas. Mais a lóxica centrípetra minimiza que o factor territorial é inseparábel do social. O fracaso das esquerdas españolas non habería conlevar o fracaso de coalicións de cambio nas nacións do Estado. Mais o establishment progresista español, chámese PSOE, IU ou Podemos non é quen a velo.

Lembro un misionero que nos quería aprender aos rapaces a cantar en swahili. Para él, coñecer esa lingua era un sinal de inculturación indispensable para enfrontar a súa andaina na África. Nunca entendeu, en troques, que precisaría o galego para o seu ministerio en Galicia. Cos progres españois pásalles algo moi semellante.

Podemos na Marea?

A recente Marea Constituínte marcou un fito moi importante no desenvolvemento desta alternativa política. A achega de alcaldes e alcaldesas varios, de centos de galeguistas con experiencia de xestión local e autonómica e de forzas municipalistas máis ou menos xurdidas á marxe de Podemos densifica a resultante e achega a nova alternativa á tradición galeguista e ao coñecemento, afastándoa dun certo adanismo presente aínda nalgúns acenos e discursos. O percorrido dende maio do 2015, abríndose a sectores en principio refractarios, cando non conscientemente apartados, favorece construír un discurso e unha ferramenta galegas e permite albiscar a posibilidade dun programa de goberno ás galegas ilusionante, transformador e realista. Con moitas dúbidas, porque parte dos problemas deste novo espazo político fican aínda sen resolver. Mais hoxe a Maré é máis potente e máis galega ca onte e ten máis posibilidades de conectar con sectores até de agora pouco interpelados polo seu discurso.

Mais está o problema de Podemos. Por moito que proclame a súa plurinacionalidade Podemos é un proxecto español e os seus asociados partillan en grande número unha visión estatista da axenda

política. Para máis, consideran que o proceso de formación da Marea galega non remunerou a xeito a súa achega en votos. Mais vivimos tempos líquidos na política e o que valía na primavera do 2015 non val no verán do 2016. Porque hoxe a causa principal do relativo fracaso de En Marea o 26 de xuño atópase na falla de definición autónoma, no seu solapamento cun discurso estatal que, ademais, está lonxe de pular por un cambio real no conxunto do Estado.

Esta vocación galega da Maré non habería implicar a exclusión dos demócratas non galeguistas que acrediten no País como suxeito de decisión. Nin tampouco negar a colaboración co progresismo estatal de Podemos na rexeneración democrática ou concretas reformas sociais e económicas. Mais dende o recíproco recoñecemento como proxectos diferentes e autónomos. Porque a nova Maré Galega só terá espazo autónoma de calquera dependencia estatal, abríndose ao conxunto das capas sociais e afirmando a súa vocación de goberno transformador. A asemblea do sábado pasado en Vigo, neste senso, foi un paso adiante. Mais compre dar outros moitos para facer útil este proxecto.



Por Carlos Méixome

Descoñezo, é evidente, a opinión do Papa Francisco sobre a máxima ignaciana de “en tiempos de tribulación no hacer mudanza”; tampouco sei se considera que a Igrexa está en

momentos aflixidos. A sentenza, dirixida aos soldados de Xesús e non ao conxunto da Igrexa, emitida polo fundador da orde na que milita o líder católico, inspirou, con éxito, a persistente influencia da súa facción, durante case cinco séculos, nos círculos de poder da curia romana. Nestes meses últimos na esquerda galega, na nacionalista ou non, seguiu a estar ben presente o espírito xesuíta de non moverse para non arriscar. Todo o contrario do que, ao meu parecer, a cidadanía demanda.

O que si sei é que cando a xente sobrevive como pode, nestes “tempos de desolación”, e contra San Ignacio, a unha sociedade, calquera, ténselle que ofrecer algo máis que remoer a súa aflicción. Precisa coller folgos, decidir, afrontar, arriscar, sen medo a errar por desprenderse do pasado e mudar, non porque “Se vogliamo che tutto rimanga como è, bisogna che tutto cambi” senón porque é preciso, necesario e urxente termar dun país que se esfarela avellentado, coa mocidade procurando polo mundo adiante as oportunidades que aquí non se lle ofrecen, cos seus sectores produtivos boqueando, coa súa cultura esmorecendo, cun réxime carente do mínimo

Tempo de mudanza, tempo arriscado



Marea de octubre (2014) - Joaquín Martínez Cano - Óleo s/ lenzo, 81x81



respecto polos máis básicos principios democráticos, cunhas xentes sometidas á perda de dereitos sociais e niveis de benestar que hai anos considerabamos imprescindíbeis.

Nin a inmovilista frase xesuítica, nin a cínica expresión lampedusiana, nin a idealizante aseveración de “para mudalo todo” semellan aquelas para estes tempos de incertezas.

O 25 de setembro a cidadanía está convocada a escoller un novo parlamento. Menos dun mes despois será o 35 aniversario das primeiras eleccións ao órgano lexislativo. Nes seis quinquenios non chegou nin a un o tempo no que a dereita postfranquista deixou agromar novos xeitos e formas de gobernar. Será un mes de infarto político nun estado que é probable siga sen goberno, con eleccións entre nós e no País Vasco e coa moción de confianza nunha Cataluña na que as forzas soberanistas semellan querer seguir mantendo o pulso. Máis suspense imposible.

Precisamos mudar, con dúbidas, incertezas, remoendo, aflixidos, magoentos... pero precisamos xuntar todas as forzas para demoler a brigada de demolición, para desinfectar San Caetano. Compre concentrar todas as vontades da nación cidadá nunha grande enxurrada popular.

Que pasa co noso nacionalismo? As eleccións que veñen aventúranse non só crúas, senón crueis! Doídos en carnes estamos. O noso nacionalismo debe pasar por riba das siglas para ser ese sentir que firmemente levamos dentro, irrenunciabile. O mesmo que nos fai doernos nos desprezos ou menosprezos que sufrimos non só na Lingua, senón en nós mesmos, cun agravio comparativo no que sempre levamos



Baldomero Iglesias Dobarrío
Mero

as de perder. A dor esta, que nos castiga e que, ao mesmo tempo, nos concilia e unifica para obrigarnos a sabernos xuntos, sabendo tamén quen temos diante. Damos por sabido que, antes dos nosos intereses particulares, está a dignidade da orixe. Aínda así, algo non funciona ben, iso está claro. Nas últimas eleccións houbo partidos “inexistentes”, sen proxecto para nós, que sacaron máis votos ca os nosos. Debemos asumir unha función crítica para dicir o que a moitos non lles guste oír, meter o dedo na ferida, romper este consenso de silencios que acaba con nós, que nos asolaga en disparates e falsidades teimosas. Ocorreseme que, primeiro, haberá que asumir culpas. Terá que

haber responsables de como se fan ou como se fixeron as cousas! Alguén por aí? Despois, recoñecer que gozamos de falta enorme de diálogo, está claro. Todo cun pasado de incompreensións e falta de sensatez que non se entende, queimados nas penurias da loita que deixou tirados a tantos polo camiño, coma se foran traidores. Ninguén tivo para eles algún detalle ou agradecemento. Illamentos sociais, desautorizacións públicas dos discrepantes, voces insultantes humillando e espallando mentiras obsesivas, omisións intencionadas graves, ofensas e comentarios á marxe de quen non tiña culpa. Tampouco se lles pediu perdón. Na venda de favores e compa-

Algo novo?

dreos que non foron reparados, falsas moedas que se deron aos amigos ou pagos xenerosos a traidores. Eses mesmos que hoxe corren cos que gobernan e fan todo tipo de actos e sorrín satisfeitos, están en todas! Que pillos son! Vendidos a calquera prezo. Así fomos deixando cadáveres no camiño.

Penso, sen tentar convencer a ninguén, que seguimos neste minifundio mental de non querer aprender nin actualizarnos, retrasando a historia sen poñerse ao día, sen dar idea do que temos diante os ollos, sen recoñecer que cansamos co discurso, que non engaiola e menos á xente nova. Por iso, e xa despois, ver que hai que falar desde a carón, cun

discurso directo e sosegado, cheos da razón e do rigor do sentimento que nos xunque, coa comunicación receptiva que escoita e coa comprensiva que atende, coa verdade que vai cos tempos porque as circunstancias cambian e veñen a ser moi distintas. Hai que saber relatar esa dor que, ademais de doernos, nos anima a loitar. Esa mesma dor, da que queremos liberarnos xuntos e que nos poñerá en pé, saíndo desta mediocridade parcelaria. Sen baixar a garda nin os nosos anceios. A verdade ás veces doe e, desde ela, só hai un modo de encarala: uníndonos para ser máis e máis fortes! Chamando os que faltan e quedaron no camiño. E, finalmente, dada a capaci-

dade tan importante das redes sociais e dos medios, corrixir e empregar a capacidade de suxestión positiva, de influencia social esclarecedora. Non se pode perder o tempo en desautorizar aos demais. Cómpre vender O Noso, co esforzo de colaborar na inclusión real dos colectivos activos, visualizar as nosas capacidades e crer de novo en nós. Empregar elementos ilusionados, reais da necesaria diversidade que respecta e se fai respectar nos nosos signos identificadores aos que nunca renunciaremos. E iso hai que facelo dun xeito positivo, sen descualificar. Gañando espazos aos demais, incluso a aqueles que nolos quitaron, pero poñendo en valor os dereitos colectivos que –como nación– nos asisten.

Apoucos lles acordou a data. Pasa o tempo e semella esmorecer na desmemoria. Van xa catro décadas en que, morto o ditador, seguimos no incerto camiño dos aconteceres, sen saber que pode vir detrás dos medos, dos fracasos, da desesperanza e falta de entendemento. Despois da súa morte, viría un rei ao que todos alcumaban “O Breve” coidando durase moi pouco. Houbo que ir desmontando aquel “atado y bien atado” que moitos coñecemos. Ano e medio despois de decretos, negativas, cartas magnas, acordos e trasacordos, mentiras e manifestacións, carreiras e paus, cargas policiais, sindicatos, forzas de seguridade a caballo, detencións, listas negras, ... Veñen por fin as primeiras eleccións demo-

cráticas (?) despois de corenta e un anos de regresión e represión, de rancor e de moitos medos. Era un estado constrinxido e acomplexado, avergoñado e acovardado que na súa agonía final, emitiu un saído e respirou afoadamente, recuperando por veces o alento. A ditadura morría, non sen tempo. O difícil era recompoñer. Non se soubo facer, isto de recompoñer, porque había implicacións e manexos, mentiras e difamacións, mortes polo medio. De tal modo que o morto aínda estaba vivo. Ecoaba en moitos corifeos daquel privilexio de poucos. Co paso do tempo a Historia xulga aqueles feitos e, aínda desde a ocultación de moitos datos, sabemos

que todo era unha monotaxe internacional. O peor é que aínda quedan ramallos do franquismo. Comportamentos virulentos que vemos aínda en moitos dos que gobernan a brazo tendido, sen escoitar á xente e coas rodellas dos seus pesados carros de combate que arrasan todo, que esnaquizan o porvir, que desfán o presente e pretenden esquezamos o pasado. Algo hai que lles fai crer ser donos de todo, que os votos deron o poder para facer e desfacer ao seu antollo. Non escoitan os laios dos que sofren e en nós queda a fractura e a división, os complexos entre as voces asfixiantes dos “demócratas de toda la vida”, os rexeitamentos

da memoria e a xustiza, a manipulación dos medios de información e dos poderes –que non son independentes. Aínda hoxe non se normalizaron os respectos a miles de persoas que están nas cunetas, en fosas e covas. Seguimos feridos polo pasado. Idiotizados na estupidéz sen facernos cargo do que supuxo aquela República Legal, despois o golpe militar, a guerra e tanta dor, a ditadura, a represión, e moito silencio por recuperar. Os vencedores proclaman orgullosos tanta vergoña, de arredar ás vítimas sen lembrar que eran heroes dunha causa, dunhas ideas tan válidas coma calquera. Non houbo transición democrática. Nun principio

confiabamos na busca da normalización da vida en sociedade. A modernidade non chegou en forma de sexada, o progreso era abrasivo e agochaba perwersas realidades e abusos. A cuestión é que a cacarexada transición foi ruín e pouco conciliadora, menos xenerosa do esperado. Nin sequera recuperaba o atraso histórico padecido e aínda hoxe agardamos reparar a demanda social de rexeneración e afondamento democrático de tal xeito que dean credibilidade ás votacións, ao estado de dereito, ao recoñecemento da pluralidade que, de momento, só son verbas nun papel. Así non chegaremos a esa prosperidade soñada, nin a esa liberdade que nos pro-

duza o pracer inmenso de entender, de entendernos e comprender a vida. Aínda quedan moitos defectos de fondo e forma, moitos males que se manifestan en corrupción e que, mesmo a sociedade, aplaude en votos. De onde vén todo isto? Daquela eivas do pasado que non foron harmonizadas debidamente. Cómpre volver a ollada atrás e mirar canto franquismo habita aínda entre nós, mesmo na Carta Magna inmovilista a través do tempo. Como pode ser? Despois das tantas variables de tempo e circunstancias. Deberemos facer normal o que é normal, con altura de miras, con xenerosidade para deostar os poderes monolíticos que cegan esperanzas. Foi un tempo cruel, asfixiante. Pero o xuízo da Historia será implacable!.

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Hernández e departamento propio
Deseño e maquetación: Miguel G. Montero

Colaboradores:

GALIZA: Jesús Losada (jlosadadorado@gmail.com) – Rocio Rodríguez (luzro81@hotmail.com) – Montserrat Rodríguez (cursosospanhol.cep@gmail.com) – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – M. Rguez. Alonso – X. Maure – Uxío Breogán – Pérez Lema – X. Glez. Mtnéz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – L. Mtnéz. Risco – Fco. Peña – Nemesio Barxa – Andrea GORO – Anxo Mena – I. Otero Varel – Susi Rodríguez

PORTUGAL: Viale Moutinho – Manso Preto – Isabel Varela – Manuel Gonçalves – João Martinho.
MADRID: –Juan Louzán – BARCELONA : Fdez. Valdeorra – PAIS VASCO. Nicolás Xamargo.

CANARIAS: Fco. Puñal.

NOVA IORQUE: Fco. Alvarez (KOKI)

Fotografía: Hernández – A. Gutiérrez – M. Preto –Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena, Pepe Carreiro, X. Marín, M. Fernández (HERMENAGER)

Depósito legal: VG-138-2015



Letras

As escritoras Pura e Dora Vázquez, homenaxeadas na “Festa da Palabra”



Celebrouse no Carballiño a VIII edición da “Festa da Palabra” na que se rendeu homenaxe ás escritoras Pura e Dora Vázquez, quen ao longo de toda a súa vida, incluso en épocas moi difíciles, contribuíron cos seus libros e coa súa acción, á defensa da cultura e da lingua galega. As irmáns Pura e Dora Vázquez naceron en Ourense en 1918 e 1913, respectivamente, e faleceron na mesma cidade, no ano 2006 e 2010, respectivamente. O presidente da Fundación Insua dos Poetas, Luís González Tosar, asegurou que a Insua dos Poetas é “un proxecto único e novidoso, no que a natureza dialoga coa palabra escrita, coa literatura,

coas artes plásticas e coa creatividade en xeral. Por que aparte desta “festa da palabra” realízanse outras actividades como a celebración da auga, da árbore e da poesía, destinada aos escolares de toda Galicia; unha colaboración coas xornadas de cine e vídeo do Carballiño, a través de proxeccións de documentais e películas ao aire libre nos mes de agosto; actividades musicais, teatrais e de impulso cultural no medio rural”. Tosar dixo que “o espírito da Insua dos Poetas é contribuír co fortalecemento da ourensanía, do galeguismo e a todo o que axude a unha maior proxección internacional da creatividade cultural de noso”.

No acto interveu o fillo de Dora Vázquez, Antonio Alejo Rodríguez. A música correu a cargo de “Brañas Folk” que presentaron en exclusiva a adaptación dun poema de Pura Vázquez. A segunda parte da celebración consistiu no desvelamento do conxunto escultórico realizado en granito da canteira mineira de Rocas de Melón. A Fundación Insua dos Poetas ven celebrando a “Festa da Palabra” desde o ano 2008. Os escritores e escritoras presentes na Insua dos Poetas son: Rosalía de Castro, Eduardo Pondal, Manuel Cuernos Enríquez, Celso Emilio Ferreiro, Xosé María Díaz Castro, Eduardo Blanco Amor e o poeta arxentino-galego, Francisco Luís Bernárdez.

Lembrando a Rosalía na súa casa de Padrón

Na Casa de Rosalía de Castro, en Padrón, lembrouse o pasamento da escritora hai 131 anos. A fundación que leva o seu nome organizou o acto no que Xosé Luís Méndez Ferrín fixo unha lembranza do poeta Manuel María. O acto tamén conmemorou o 125 aniversario do traslado dos restos da escritora a San Domingos de Bonaval, en Santiago. Estivo presidido polo conselleiro de Cultura, Román Rodríguez, xunto co presidente da Fundación Rosalía de Castro, Anxo Angueira, e contou coa presenza de representantes da cultura galega. A Fundación Rosalía de Castro entregou por primeira vez a Rosa de Galicia, un deseño

en ouro de Pepe Barro co que se quere distinguir a aquelas persoas ou entidades que se significaron na defensa da figura da escritora. Esta primeira Rosa de Galicia foi para Loliña Mosquera, a filla Xosé Mosquera, máis coñecido como “O vello dos contos”, que foi unha das persoas que posibilitou a compra do inmoble de A Matanza para a súa posterior conversión en Casa Museo. O responsable da fundación rosaliana falou do traballo feito nos catro anos que pasaron dende que está na presidencia e tamén do que queda para os outros catro que lle restan de mandato. Anxo Angueira renovou públicamente o seu “compromiso” coa fundación e

engadía que “eu pasarei como pasaron os que me precederon, pero esta casa nosa, a casa do pobo galego, a casa de Rosalía, co seu lume e o seu forno, coas súas fiestras e o seu mar, seguirá sempre en pé”. Román Rodríguez cualificou a Rosalía de Castro como un símbolo equiparable á bandeira, ao escudo e ao himno. “Unha figura que nos une aos galegos e que os galegos queremos como unha gran nai, símbolo de todos nós”. O conselleiro sinalou ademais que Rosalía segue viva “con cada lector que a descobre, con cada novo poeta que a reinterpreta e con cada persoa que se sente fascinada pola súa personalidade e obra”.



■ A homenaxe celebrouse na Hortiña da Casa-Museo.

Por: Inma Otero Varela

Desta volta comezarei cunha cuestión que ata non hai moito se xulgaba extraliteraria, hoxe considérase sistémica, e que afecta enormemente á recepción aínda que non se adoite falar dela: a distribución. Sería coa chegada da primavera cando inicié a procura da nova entrega de Antón Piñeiro, autor que sigo con moito interese desde que se dou a coñecer como narrador con *As fiandeiras* (Galaxia, 2012), premio García Barros dese mesmo ano. Cada vez que acudía ás librarías e preguntaba pola novela, a resposta era a mesma: non chegou, non figura na listaxe de obras previstas para o próximo envío e non se entende o motivo. Non foi ata entrado o verán cando me puider facer cun exemplar de *O noiro*, libro que conta polo demais co aval do premio Manuel Lueiro Rey de novela curta 2015, seica debido a un pequeno problema de distribución. A anécdota ilustra como a

literatura en tanto produto de mercado, guste ou non a perspectiva que, desde logo, no basta para ter unha visión de conxunto do fenómeno artístico, se ve condicionada por numerosas continxencias que exceden o ámbito estritamente textual, ata o punto de desvirtuar mesmo algunhas valoracións da crítica. Poño de novo como exemplo unha experiencia persoal. Dende hai uns anos colaboro xunto a outras críticas e críticos na sección “A tabela dos libros” do blogue Criticalia do tamén crítico e amigo Armando Requeixo. Nesta sección, cada un dos colaboradores escolle cada mes as cinco obras que nas súas respectivas opinións foron as máis interesantes das lecturas efectuadas. Sen dúbida, de ter chegado ás miñas mans a novela figuraría no elenco. Mais, visto que sempre se referencian novidades literarias, visto que en xullo e agosto a tabela tamén está de vacacións e visto que nos

O cheiro do medo Antón Piñeiro, *O noiro* (Sotelo Blanco, 2015)

últimos dous meses saíron do prelo un número considerable de títulos, previsiblemente en setembro xa será tarde para incluíla. Pero pasemos agora ao texto. Antón Piñeiro desenvolve aquí dúas das súas características fundamentais: a brevidade formal e a elaboración poética da linguaxe. Poderíase engadir unha terceira, de tipo temático aínda que afecta tamén ao discurso, que ten que ver coa reconstrución subxectiva do pasado sobre os alicerces dunha memoria que opera a partir das su-

xestións ofrecidas polos sentidos, incluso cando se afrontan episodios tan duros como a guerra. Podería dicir “como a Guerra Civil” xa que é esta contenda á que se achega o autor, pero insistir na concreción deturpa completamente a natureza do libro. O propio autor dá as claves. Malia a brevidade apuntada antes, probablemente esta sexa a novela onde mellor se recolle, a modo de autopoética, a consideración que Piñeiro ten da literatura. Os narradores-protagonistas (va-

rios) sitúan a querenza pola escrita na infancia grazas ao maxisterio dalgún docente, tal e como lles acontece a eles mesmos. É mediante estes primeiros exercicios narrativos como “imos canalizando cara unha substancia distinta a unión dos nosos records e as nosas sensacións.” (p. 13). A través da escrita, do rexistro en caderno que pasa de xeración a xeración nesa cadea creada entre profesor e alumno, iníciase anos despois a búsqueda dos escenarios da violencia nos arredores de Madrid. Superpóñense períodos, espazos e relatos para afrontar as sensacións atemporais que visten conceptos universais como a dor e o medo. Os sons das cigarras no silencio tenso da noite, o olor da terra e o tomiño, a cor dos temores no verán, o tacto da seca e do metal da munición ou o sabor acedo da morte son, á fin, as pegadas máis visíbles dos campos de batalla; as cicatrices que fican por

sempre abertas, sobre todo cando a guerra corrompe a infancia, na liña do tratamento co que Carlos Casares se achegaba ao tema en *Vento ferido*. Hai moito de narración en *O noiro* xa que a recuperación da memoria da memoria (histórica e persoal) ten moito de construción dun fío argumental. Pero un dos maiores logros consiste en mastigar as imaxes que dotan á sinestesia dunha función reveladora que se erixe como a única posible. A pesar da curta extensión, non estamos perante unha lectura rápida e lixeira coa que amenizar unha tarde de praia. *O noiro* require de tempos dilatados e da calma que permiten gozar da asimilación gorentosa de cada unha das palabras.



Editorial



Por: Guillermo Rodríguez

Director

A medida que imos chegando ao Día D (léase 25 de setembro) a prensa pesebrista non acougará ata convencernos de que é mellor o malo coñecido que o bo por coñecer.

Sempre foi así. Dende que eu teño uso de razón veño escoitando isto dunha maneira que eu diría case natural. Os cidadáns, xa nolo din os expertos na materia, somos o que escoitamos, o que lemos e o que vemos. Xa dende o claustro materno, como están demostrando no País Vasco nun Centro Pedagóxico de nivel europeo, (o que demostra que os vascos saben facer ben as cousas e non teñen cornos, como algúns se empreñan en de mostrar) as criaturas aínda non natas xa aprenden a falar dende o momento en que poden escoitar; así se explica as enormes posibilidades de aprender idiomas que teñen os nenos/as dende a nenez.

Pois ben, nós, homes e mulleres feitos e dereitos, mozos e mozas desta Terra Nosa tamén somos aquilo que lemos, es-

coitamos e vemos. A pregunta é que tipo de material formativo e informativo temos ao noso dispor. En canto ao que lemos, resulta obvio que a nosa maior fonte de información son os xornais, polo menos para o 90% dos cidadáns; quedámolos, permítanme que me inclúa, un 10% que non nos conformamos con o que nos din os de sempre e "atrevémonos" a beber en diversas fontes aquí e do estranxeiro. Temos aí, diante dos fi-

ouvidos as mensaxes oficiais. Se non somos bós e nos aventuramos a novas experiencias, eles, os de sempre, non se fan responsables.. Situados neste campo de

sentantes que cada opción política pode conseguir en Galicia o vindeiro día 25 de setembro.

Que os xornais diarios desta Terra Nosa, e de fora dela, non traballan para unha honesta información é algo que poucos dubidamos, pero que si son moitos os que lles cren como se foran dogmas. Xa se sabe que os galegos somos moi cren-tes, cristianos, católicos e apostólicos; o de romanos teño dúbidas porque nestes momentos existe unha importante vaga de xenófobos.

Sendo así os resultados están cociñados a gusto dos consu-

midores. Nin que fora Mister Cheff..

Aos votantes do PP anúncianlles que teñen que mobilizarse a tope porque pode vir o lobo da esquerda e deixalos sen tarta. Aos demais partidos animámos a presentarse por separado porque hai tarta para todos; Todos poden coller cacho se non van xuntos. Aquí está a trampa. Os responsables da enquisa saben que animando á Oposición actual a que se presente por separado vanse perder vía restos milleiros de votos en cada provincia. Votos que o Sr. Hont se encargará de levar ao cesto da lista máis votada. Danse conta como o teñen todo calculado?

Verdade que nos están facendo a cama? O meu consello é que decidan vdes. onde e con quen se van deitar o día 25 de setembro.. Ata aí poderíamos chegar.

Sexan felices

Como nos fan a cama!!



Cadernos da viaxe

Por: Xoán Antón Pérez-Lema

Núñez Feijóo é campión de dúas modalidades políticas: facerlle oposición á oposición e botarlle a culpa aos demais (antes era aos sanitarios da situación da sanidade, agora é aos concellos da situación dos socorristas nas praias e do mal estado dos Camiños de Santiago). O presidente repénica unha e outra vez a súa ladaíña: compre votarmos a estabilidade do PP, afastándonos deste xeito dos previsíbeis desastres dun tripartito ou cuatripartito, seica dirixido polas "Mareas de Podemos". Se os mareantes buscan a alianza con Podemos mal porque manda o do chicho. Se afortalan (coma arestora) a autonomía do seu proxecto e do seu discurso mal tamén porque "nin se entenden entre eles".

O PP na Galicia (o PP en xeral) pregoa unha e outra vez un relato no que a colaboración, a coalición entre as distintas forzas é manifestación de febleza. De feito un dos graves problemas que ten Rajoy para formar goberno é precisamente esta estrutura mental: dialogar e transixir é malo, impoñer dende o discurso único é o que mola. Velaí que as forzas todas da oposición ao PP (nas que evidentemente non entra Ciudadanos, definitivamente operante no ámbito da dereita dura e neocentralista) haberían amosar en público a súa vontade real de remuda no Goberno, a súa vontade de alternativa.

A alternativa plural

Dun xeito definitivo, que lle faga ver a cadanseu electorado que o seu voto vai ser ferramenta de cambio.

Cál ha ser o mínimo común denominador do PSOE de Leiceaga, das Mareas de Villares, do BNG de Ana Pontón ou de Compromiso por Galicia de Xoán Bascuas? Un pacto por Galicia, baixo os eixos da rexección democrática, do crecemento e reindustrialización, da ampliación substancial do autogoberno autonómico e local e da ordenación do territorio e medio rural en clave de aproveitamento produtivo, sostibilidade ecolóxica e implementación dun novo Mapa local, que

desmante as provincias e potencie o consorcio de funcións entre os concellos.

Teñan claro as forzas do cambio, quer soberanistas, quer federalistas ou autonomistas, que os electores están pola seguranza de que todos os seus votos van contar na alternativa ao PP. Porque o mapa electoral de Galicia esta dividido case en dúas metades e a mobilización do electorado galeguista e progresista pasa por se representar a utilidade do seu voto para substituír ao actual goberno do PP. Nin máis nin menos.



Letras

María Reimóndez presentou na Feira do Libro da Coruña “A dúbida”, gañadora do Premio Novela por entregas da Voz de Galicia



O martes 2 de agosto, ás 20:30 horas, presentouse na Feira do Libro da Coruña (Xardíns de Méndez Núñez) que se extenderá do 1 ao 10 de agosto, a novela “A dúbida” de María Reimóndez. A autora estará acompañada por Eli Ríos e polo editor Manuel Bragado. “A dúbida” aborda temas de actualidade como os abusos sexuais e a corrupción política con sutileza e rigor. Creáronse en torno á obra unha serie de vídeos nos que diferentes persoas relacionadas co tema dos abusos sexuais a menores falan da relevancia da novela para o seu traballo e para a visibilización deste tipo de violencia. Deixámosvos a ligazón á lista de youtube. <https://www.youtube.com/playlist?list=PLyF60SNNIIMOaNXx5KAAFGj5HzCtsM1VR>

Nestes días em que os olhos do mundo se voltam para o Brasil, a editora Latus da Universidade Estadual da Paraíba acaba de editar e colocar nas livrarias o livro-disco Cores do Atlântico, o traballo que Ponte... nas ondas! e o selo discográfico galego PAI Música editou en 2010 para Galiza e Portugal. Este foi presentado no marco do Congreso “Pontes de cultura, pontes de futuro” realizado en Vigo e Melgaço em 2010 com motivo dos 15 anos de Ponte... nas ondas!.

As Cores do Atlântico publicadas agora para o público brasileiro contam com produção da Universidade Estadual da Paraíba e a parceria da Liraprocult, a produtora de Socorro Lira, de Ría Lemaire, a autora do texto e de Ponte... nas ondas! que produziu o traballo original com financiamento da Xunta de Galiza.

Nova capa

A capa da edição brasileira renova-se com um desenho do ilustrador Anderson Augusto, quem sugere o banho nas ondas do Atlântico com uma bela paisagem

das montanhas de fundo. O resto do trabalho mantém a distribuição e composição da anterior edição galego-portuguesa.

onde as mulheres cantavam fininho. Por isso é importante que as investigações realizadas pela professora Ría Lemaire contextualizando



Importância da edição no mercado brasileiro

No âmbito universitário brasileiro ainda não é muito reconhecido a existência de um patrimônio comum partilhado com a Galiza e, às vezes limita-se ao âmbito das origens da língua naquele cantinho da península ibérica

estas origens do patrimônio imaterial galego-português, não só no âmbito literário senão também em um espaço cultural muito mais alongado e abrangente. Para o público brasileiro, a edição do Cores do Atlântico vai permitir conhecer de uma forma muito intuitiva aquilo que já pressente quando ouve ou escuta determinadas expressões culturais e mesmo

sotaques da sua identidade que identificam como algo de procedência ibérica ou tão só portuguesa.

A descoberta de umas origens culturais galegas que estão em boa medida ainda vivas no Nordeste brasileiro pode ser um dos grandes logros que a leitura e a escuta do Cores do Atlântico produza nos leitores e público brasileiro.

A ponte com o patrimônio partilhado

O livro-disco agora editado contém o mesmo texto introdutório de Ponte...nas ondas! onde se afirma que Cores do Atlântico “é uma obra que une, na mesma proposta artística, três continentes que partilham um mesmo patrimônio: a lírica medieval das cantigas de amigo. Um tesouro que se procura transmitir, no século XXI, através do sistema educativo e das novas tecnologias e do qual milhares de pessoas, por todo o mundo, continuam a aproximar-se com interesse”.

Também se incluem as palavras da professora da Universidade de

Vigo, Camiño Noia, quem afirma que “Cores do Atlântico é uma obra diferente, inovadora, da qual desfrutarão os espíritos abertos; mas é também uma criação transgressora que, talvez chegue a escandalizar os espíritos dos académicos tradicionais que não gostam de inovações. Pois, além da ousadia de devolver às mulheres a autoria das composições paralelísticas, a obra subverte a cultura canónica ao fundir a lírica medieval com os ritmos afro-brasileiros.” As ilustrações que o artista galego Quique Bordell realizou para cada uma das 15 cantigas recolhidas no CD acompanham também nesta edição brasileira ao texto do livro.

No disco participaram as artistas brasileiras Socorro Lira, Margareth Menezes, Eneida Marta e as Cirandeiras Caiana dos Crioulos, Eneida Marta de Guiné Bissau, João Afonso de Portugal e Uxía e Leilía de Galiza.

www.coresdoatlantico.com
Associação Cultural e Pedagógica PONTE...NAS ONDAS!
+info:pontenasondas@pontenasondas.org

“Ninguén me di, poño por caso,
para que sirven as estrelas
nin onde morren os paxaros.”

TREBOADA

ORBALLO

Atravésame unha lea de ignorancia
que non atopa a saída de urxencia
na metade dunha queima, provocada,
que se espalla a través da miña alma.

Entrementres eu, con toda a sabenza
do que escoitou moitas vidas
pero aínda non viviu unha conversa,
intento esquivar as pancadas,
eludir a zarracina, fuxir da liorta.

E as miñas pálpebras agóchanme, como as tebras
dun outeiro, para verte

erixir, surcar todos os limiares do tempo.
Silandeiro, e pintar de verde as infinitas leiras
có asfalto trocou por negro.

Soño. Como unha pantasma que axexa as pegadas,
distante, dende a sombra da vida,
dende o esquecemento da esperanza.
Queda, coa cachaza de ter un reloxo
alugado na esqueda do peito, latexando,
obrigando á vida que me resta a ser morada de rendas.
Agardo sentadiña
ollando como déitase o amencer da arte
encol dun mar embravecido que non me deixa durmir.

SARABIA

Coido o teu recordo
na gabeta, desarranxada, das miñas lembranzas
e me da medo que na metade do caos
podas perderte.

Entre rodas que nunca paran,
pasos que nunca frean.
Entre o piar dos carros
e o deslucir das estrelas.

Todo o demáis descansa
tras as capelas dos meus ollos.
Afundido.
Abaixo.
En terra de indiferenza.

Lonxe ata dos arrabaldes do meu corazón.
Nun fogar atenuado e confuso
que non é fogar.

Quero saír desta balseira que me queima
na que está enguedellado o meu cabelo
e ter ás de bolboreta.

Quero ser aire,
porén xa sei respirar.



Por Laura de Cáceres

Por Roberto Carlos Mirás

Vivimos uns tempos convulsos. Hai agora uns anos que Mariano Rajoy chegou á Moncloa e parece non querer abandonala. Como todo presidente rodeouse do mellor que atopou e non daba entrevistas nin aparecía en ningún medio de comunicación. Tiña por diante catro anos cunha maioría absoluta que ninguén conseguira até hoxe. Pero as cousas non foron se cadra como eles quixeron que foran. Asistimos sobre todo ao comezo da Lexislatura anterior a ver unhas rúas cheas de xente que se manifestaban en contra deste galego nado en Santiago. Moitos comercios pecharon e moita xuventude tivo que emigrar e as institucións culturais non teñen cartos para as súas actividades. Estamos ante un cambio de época? Cineastas, xornalistas, todos se queixaron pola rebaixa cultural e polas poucas axudas recibidas. Pedíuselle en reiteradas ocasións a súa dimisión. Nunca, é algo histórico, un presidente chega ao poder e case ao mesmo tempo recibe esa petición. Incrível. Neste caldo de cultivo en que se converteu a política española cando xa houbo dúas eleccións atopámonos con que todo vai moito mellor. Seguro? Quén é esa figura chamada Mariano Rajoy? Se cadra a resposta douna o xornalista Federico Jiménez Losantos que tras algúns títulos coma “La dictadura silenciosa, Lo que queda de España, La última salida de Manuel Azaña (Premio Espejo de España)” e agora vén de publicar na Esfera dos Libros, “Os anos perdidos de Mariano Rajoy” Atopámonos cunha obra onde se recolle o mellor e o peor deste home case descoñecido para moitos pero ao adentrarnos na mesma desde que fora designado sucesor por Aznar, pasando pola masacre do 11 M e os misterios que o rodean. É unha escalo-

En que país estamos vivindo?

friante análise en clave de novela negra. As súas verbas denotan a un Mariano Rajoy que soubo non queimarse no Poder e saír nos distintos medios de comunicación mais últimamente que nos catro anos de Goberno. Curioso. Moitos contan como Rajoy agora fala até dos seus fillos cando antes... Losantos conta desde cando o coñeceu e dicía que deixaría a Política falamos do ano 27 de setembro de 1987. “Un

tipo muy raro –escribe Jiménez Losantos–, con una barba negra vagamente asiria y ojos babilónicos. Aún hoy me resulta difícil saber si extravía el ojo izquierdo o bizca el derecho” As editoriais non paran de publicar libros e máis libros xunto a diversos tratados de política ou sobre esa nova economía que parece que se presenta. Unha economía onde os principais autores copan todo os medios de comunicación. En



certa ocasión un directivo dun Instituto importante díxonos “para gastos de todo o ano só teño isto”. Se cadra coma nas seiscentas páxinas do libro de Jiménez Losantos atopámonos cun camiño cara novas xeracións. Tamén Anton Losada publicaba un traballo de cento cincuenta páxinas “Código Mariano. Desmontando a Mariano Rajoy” en Roca Editorial onde se preguntaba: “Quén é quen foi o noso presidente de Goberno?” Un home que como apuntaba Jiménez Losantos leva toda a súa vida en política tendo sido un membro importante en distintas institucións. Os seus e el mesmo votaron en ocasións a responsabilidade en gobernos coma o de José Luis Rodríguez Zapatero. E a pregunta ao ler sobre el é a seguinte: Como é posible que levando tanto tempo en política non se enterara de nada? Tanto Losada coma Jiménez Losantos fan dous estudos totalmente complementarios que os lectores deben ler para saber quen é Mariano Rajoy. O libro de Losada divídese en cinco alíneas ou bloques: a vida de Mariano, o goberno según Mariano e nunha crise que dura xa demasiado e algúns que ostentan o poder miran a ver que traballos poden desenvolver nun futuro. Non cren vostedes que temos que ser e teñen que ser xustos e claros? E o mais importante cando un presidente de Goberno que leva toda a vida en política non é responsable de nada e como diría un galego irónico nos “ameaza” con presentarse ás próximas eleccións. Moitos lectores preguntaranse en que país estamos vivindo? “En la España de 1987 sucedían cosas así: un político decía que dejaba la política y, si podía ganarse bien la vida, todos lo entendían” Afirma Losantos a lo que añade: “El hombre que, por estar, renunció a ser”

A Fundación Otero Pedrayo, a Fundación Castelao, o Concello de Amoeiro e a Real Academia Galega organizaron unha homenaxe aos intelectuais galegos represaliados polo franquismo. Patricia Arias, secretaria da Fundación; Xesús Alonso Montero, presidente da Academia e Rafael Rodríguez, alcalde de Amoeiro, destacaron que “actos como este, de homenaxe aos represaliados, non se organizou case ningún”. Alonso Montero aclarou que no era un acto político senón cultural. “Non pódese facer ningunha crítica á presenza da Real Academia, xa que ten todo o dereito e a obriga de honrar aos membros que pertencen á Academia, fosen máis ou menos destacados”. Subliñou que “represaliados non só foron aqueles que foron executados. A cadea, o exilio, hostigamento ou a

persecución á familia tamén foron represalias. Non existe a idea de que Otero Pedrayo fose represaliado, pero dende o ano 37 ata o 48 foi suspendido de emprego e soldo”. O alcalde de Amoeiro, Rafael Rodríguez, incidiu en que “despois de 80 anos non se fixo aínda nada en prol destes intelectuais”, e engadiu que “é necesario falar deste tema tan anestesiado neste país, foi un feito trágico que quedou impune”. Os actos incluíron dúas disertacións académicas, unha sobre Otero Pedrayo e outra sobre Castelao; música; varias intervencións sobre a guerra civil e a literatura e un peche poético: nove persoas recitarán un poema, entre os que se atopa unha regueifa final

Xornada sobre a represión franquista contra os intelectuais galegos

sobre o “porco”. A data desta homenaxe coincidiu coa do inicio do golpe de estado de Franco, que tivo o seu comezo en África o 17 de xullo de 1936 e que durante tres anos sumiu ao país nunha guerra civil.

Sobre Castelao falou Henrique Monteagudo, secretario da RAG, que relatou detalles do espolio dos seus bens. Presentes estiveron tamén os escritores María Xosé Queizán, Gregorio Fereiro e Dores Vilavedra,

que se referiron, entre outros, a Eduardo Branco Amor e a súa defensa da Segunda República. A parte poética do acto correu a cargo de Helena Villar Janeiro, María do Cebreiro, Xesús Rábade,

Carmen Branco, Clodomiro Montero e Luís González Tosar, entre outros. O sociolingüista Anik Nandi recitou en bengalí o poema Oito versos para Euloxio e Rizal, que foi así mesmo pronunciado en galego por Patricia Arias Chachero. Carlos Núñez leu un poema sobre o seu pai e dedicou ademais a súa intervención ante os asistentes ao acto, a pedir que se cumpra a lei da memoria histórica, “e que se restitua a dignidade dos represaliados”, dixo. Reclamou ademais que se revisen e déixense sen validez os xuízos franquistas. María Xosé Queizán solicitou que se faga “xustiza” con Ricardo Carballo Calero, dedicándolle o Día das Letras Galegas. O grupo musical Tundal interpretou un romance en honra ao comandante Moreno, xefe do Batallón Galicia que foi executado na Fonsagrada, Lugo, en 1937.



Galicia

Redacción A CORUÑA

Preto de 2.000 persoas gozaron xa das visitas guiadas dramatizadas de Turismo de A Coruña, que este mes aumentan a súa oferta a oito rutas

Un total de 1.822 persoas gozaron dende Semana Santa e ata finais do mes de xuño das visitas guiadas dramatizadas que Turismo de A Coruña ofrece para descubrir os aspectos máis singulares da cidade. A oferta de percorridos, que comezou con seis rutas en marzo aumenta agora a oito durante os meses de xullo e agosto. O tour guiado polo heroe británico Sir John Moore e máis o dirixido a cativas e cativos, Descubrindo con Catuxa, son as novidades de verán para reforzar o programa de percorridos turísticos por A Coruña. As cifras de participación mantéñense en niveis similares ás do ano pasado.

A visita máis popular é a que guía a ánima en pena de Fiz de Cotobelo polo cemiterio de San Amaro cada sábado ao chegar a noite. Este tour ten xa cubertas todas as prazas para as saídas do mes de xullo e parte das de agosto. Todas as visitas son gratuítas e requiren inscrición previa na Oficina de Información Turística de María Pita, que a principios de cada mes abre as inscricións para o mes seguinte. A actividade está especialmente enfocada para turistas. Con todo, na tempada de primavera a metade dos que gozaron destes tours foron cidadáns da propia cidade (921

personas). So un 4% do total procederon doutras localidades galegas (77 visitantes), mentres os visitantes doutras comunidades de España sumaron un 30% dos participantes (concretamente 529) e o 16% restante (295 persoas) foron cidadáns estranxeiros. Entre os visitantes estatais os máis frecuentes son os procedentes de Madrid. Abondan tamén cataláns, vascos e andaluces, así como persoas procedentes de localidades máis próximas como Oviedo ou Valladolid. Entre os estranxeiros resaltan británicos, arxentinos, italianos e alemáns.

OITO RUTAS PARA VIAXAR POLA CIDADE E NO TEMPO

As visitas comezaron en Semana Santa con cinco rutas dispoñibles que seguirán activas ata final de ano: Palacio Municipal, Baterías de Costa do Monte de San Pedro, Tour Nocturno pola Cidade Vella, Torre de Hércules e Tour Nocturno do Cemiterio de San Amaro. A oferta refórzase coa visita A Cidade de Picasso, de xuño a setembro, e as de Descubrindo con Catuxa e Sir John Moore en xullo e agosto. Cada unha delas está guiada por un guía turístico oficial que inter-



preta o papel dunha personaxe ligada á historia que relata.

O Tour Nocturno pola Cidade Vella sae os venres da praza de María Pita coa figura da propia heroína como guía. Pola súa parte, a visita A Cidade de Picasso está liderada pola personaxe de Eusebio da Guarda, promotor escola onde o artista comezou os seus estudos de arte aos dez anos e percorre a súa casa e os lugares que os inspiraron.

A visita ao Pazo Municipal de María Pita está guiada cada xoves por 'Picadillo', o escritor, gastronomo e alcalde de principios do século pasado que dá nome ao concurso de tapas da cidade. Descubrindo

con Catuxa é a visita dirixida a toda a familia e especialmente aos máis cativos, un divertido percorrido polas anécdotas e recunchos da cidade acompañados pola gata Catuxa, saíndo do parque escultórico da Torre cada mañá de domingo en verán.

No Tour Nocturno polo Cemiterio de San Amaro os sábados ao achegarse a noite os turistas entran como unha Santa Compañía seguindo a ánima en pena de Fiz de Cotobelo para percorrer este camposanto integrado Itinerario Europeo de Cemiterios Singulares e descubrir os seus segredos. Pola súa banda, Mil espáñe, neto de Breogán, é o encargado de inter-

pretar o Parque Escultórico da Torre de Hércules, todo un museo ao aire libre repleto de mitos e lendas.

As Baterías de Costa do Monte de San Pedro descubren o seu pasado a través do almirante Antonio de Hevia Pumariño, que traslada os visitantes a 1929 para dar sentido á infraestrutura que fixo do golfo Ártabro a bahía mellor protexida. Por último, o heroe británico Sir John Moore é o protagonista da visita que percorre as guerras napoleónicas e a súa pegada na cidade, mesturada con románticas historias da vella Europa. Toda a información das visitas está dispoñible na web www.turismocoruna.com.

Turismo de A Coruña entrega os premios do concurso de fotos e vídeos en redes sociais "Torre de Hércules, 7º aniversario no Patrimonio Mundial"

O presidente do Consorcio de Turismo de A Coruña, Alberto Lema, entregou na mañá deste venres no Concello da Coruña os premios aos gañadores dos concursos de fotografías e vídeos "Torre de Hércules, 7º aniversario no Patrimonio Mundial". A primeira edición do certame desenvolveuse durante o mes de xuño en redes sociais para festexar os sete anos da inclusión da Torre de Hércules na lista de Patrimonio Mundial da Unesco. Os seis premiados son os autores das tres fotografías participantes máis valoradas polo público a través de Instagram, onde @torrehercules iniciou a súa actividade esta mesma primavera, e dos tres vídeos que máis gustaron a través da plataforma YouTube. Os premia-

dos recibiron diplomas e cadanseu premio de 300, 200 e 100 euros correspondentes ao primeiro, segundo e terceiro posto de cada categoría.

Os concursos de fotografía e vídeos "Torre de Hércules, 7º aniversario no Patrimonio Mundial" foron a principal novidade da celebración deste ano. A través deles fomentouse a participación popular e se deu visibilidade nas redes sociais ao recoñecemento universal do faro en activo máis antigo do mundo. As mencións ao perfil de Instagram @torrehercules coa etiqueta #7aniversariopatrimoniomundial xeraron preto de 63.000 interaccións.

No concurso de fotografías, o primeiro premio foi para Ignacio Gámiz González, cunha fotografía



na que destaca o verdor dos arredores da Torre e a súa condición atlántica, coa que conseguiu 4.089 "gústame" dende o seu perfil @turismospain. En se-

gunda posición, Carlos Durán López (@arkitecn_) obtivo 3.051 apoios cunha inspiradora fotografía do faro desenfocado na que destacan as flores silvestres.

No terceiro posto, José Francisco Ouviaña Otero obtivo 1.760 "gústame" cun solpor sobre a Torre, dende o perfil @galicia_mola. En total, participaron 100 aspirantes con 205 fotografías.

Na categoría de vídeos recolleron os premios Beatriz Prieto Fernández de Valderrama, que conseguiu 766 "gústame" coa proposta titulada "7º Aniversario da Torre de Hércules como Patrimonio da Humanidade". No segundo posto, Gustavo José Lovera Ortiz logrou 748 apoios con "Torre de Hércules Lenda de Xeracións" e, en terceiro lugar, Andrea González Rodríguez obtivo 226 con "A Torre de Hércules desde o paseo marítimo". Os vídeos pódense ver na canle de YouTube da Torre de Hércules

Redacción SANTIAGO DE COMPOSTELA

Novos membros da Orde do Camiño de Santiago

Como indican os estatutos da Fundación Orde do Camiño de Santiago, e desde hai 20 anos, o sábado anterior á celebración do Día do Apóstolo, 16 de xullo, esta entidade celebrou un novo capítulo ordinario no que foron investidos 27 novos membros procedentes de diferentes comunidades españolas, ademais de México e Portugal, que se suman aos 1062 cabaleiros e damas cos que conta xa en todo o mundo. Dentro do programa das celebracións do XX Capítulo Ordinario, os membros da Orde asistiron á misa do peregrino na catedral, onde o oferente en representación dos novos membros foi Antonio Cortés, presidente da Unión de Empresarios Galegos en México (UMEGAL). Tras este inicio os participantes realizaron un tramo do Camiño Francés desde a Lavacolla. O acto central de investidura foi pola tarde na capela real

do Hostal dos Reis Católicos, no que participaron máis de 200 persoas de 5 países, entre eles, os comendadores de Brasil, México, Estados Unidos, Portugal e diferentes puntos de España. Deste xeito potenciáronse os valores do Camiño, cunha clara vocación internacional da Orde. A

segunda parte do programa desenvolveuse ao día seguinte en Melide, onde a actividade principal foi no Bosque dos Peregrinos, propiedade da Orde. Neste lugar cada un das novas damas e cabaleiros plantaron a súa respectiva árbore, situado nun tramo do Camiño.



■ Damas e Cabaleiros no Hostal dos Reis Católicos.

Santiago de Compostela e Padrón reafirman os seus fortes vencellos

As festas do Apóstolo tiveron este mércores unha das súas citas máis tradicionais, o Día de Padrón, celebración que tamén se mantén á inversa –na honra de Santiago– na Pascua da vila veciña. Como cada ano, foi o momento de renovar a colaboración e de estreitar os lazos entre os dous municipios.

A Corporación compostelá recibiu a súa homónima padronesa na praza do Obradoiro para dirixirse á Casa do Concello. Alí, Martiño Noriega reafirmou os vencellos entre as dúas vilas, apreciábeles en "múltiples caras", como a propia vinculación de Padrón co Apóstolo e coas orixes da cidade, no eido socioeconómico e a través de figuras compartidas como Rosalía de Castro ou Camilo José Cela.

O alcalde insistiu nos lazos de irmandade entre Santiago e Padrón e

na necesidade de seguir o "camiño compartido" entre as dúas vilas. Así o referendou tamén o rexedor padronés, Antonio Fernández Angueira, que agradeceu a hospitalidade da Corporación compostelá, á que emprazou xa ao Día de Santiago en Padrón.

Despois dos discursos, as dúas Corporacións saíron aos balcóns de Raxoi para escoitar as interpretacións das bandas municipais de música das dúas vilas. Ambas pecharon a súa actuación co himno galego.



FUNERGAL

9ª Feria Internacional de Productos y Servicios Funerarios
11 y 12 de Noviembre de 2016
OURENSE - GALICIA - ESPAÑA

SOLICITA YA TU ACREDITACIÓN PROFESIONAL EN:
www.funergal.com



PARTICIPA EN EL CENTRO DE NEGOCIOS PARA ESPAÑA Y PORTUGAL

Organizado por

Expoureense

Patrocinado por

Xunta de Galicia

jeape

Patrocinado por

Fundación

Fundación

Fundación

Fundación

Fundación

Fundación

Fundación

Fundación

Fundación

Fundación

Fundación

Fundación

Galicia

Redacción OURENSE

Xornadas Euskadi-Galiza en Allariz

As primeiras Xornadas Euskadi – Galiza celebráranse en Allariz do 12 ao 14 de agosto “como recoñecemento a estas cidades que acolleron, durante a emigración, a moitos alaricanos e alaricanas”. As xornadas serán un encontro que servirá de mostra, cultural, deportiva e gastronómica vasca. Para ultimar detalles o rexedor, Francisco García, mantivo unha reunión de traballo cos alcaldes de Eibar e Ermua para celebrar conxuntamente, en Allariz estas xornadas. García tamén asinou

en Francia un acordo de cooperación co concello francés de Cadaujac co que o concello alaricano ven tendo relación dende hai anos. Entre o 12 e o 27 de xullo, a Banda Unión Musical de Allariz participou no intercambio musical con País Vasco e Burdeos. Ofreceu concertos en Eibar e Ermua e nas localidades francesas de Talence e Cadaujac. “Esta experiencia pon de manifesto o alto nivel que ten acadado a banda de música de Allariz”, explicou o alcalde.



■ Banda Unión Musical de Allariz.

Reciclaxe de restos orgánicos en Allariz e Vilar de Santos

O Concello de Allariz, xunto co de Vilar de Santos, poñen en marcha un proxecto de valorización de residuos urbanos que afonda na concienciación e implantación da reciclaxe de restos orgánicos para a súa transformación en compost. Esta iniciativa, subvencionada con 38.000 euros co Fondo de Compensación Ambiental, permitirá a contratación de dez peóns de medio ambiente (cinco por concello) e un técnico ambiental entre os meses de xullo a setembro. A brigada reforzará as funcións de información e formación da poboación, controlará a instalación e o funcionamento das illas de compostaxe onde se depositan os restos orgánicos, así como fará labores de desbroce para o posterior subministro de biomasa durante o ano. En Allariz o persoal centrarase en reforzar o Programa RE de recollida e separa-

ción de materia orgánica que xa está en marcha. En Vilar de Santos a campaña permitirá seguir creando emprego para rematar de configurar as illas de compostaxe.



■ Illa de compostaxe en Allariz.

Ruta da auga Verín-Chaves

O alcalde de Verín, Gerardo Seoane, e representantes dos balnearios de Fontenova, Cabreiroá e Sousas asinaron ante o director xerente de Expourense, Alejandro Rubín, convenios de colaboración para reabrir as fontes tradicionais de Verín e integráranse na ruta da auga da Eurocidade Verín-Chaves. Abrirán todos os días con presenza de especialistas e distribución do pack do aguista, que inclúe unha guía certificada sobre as propiedades das augas, o vaso encartable

para o percorrido e o diploma acreditativo, que servirá para promocións e sorteos. Alejandro Rubín, director de Termatalia, remarcou que “nos grandes balnearios internacionais, coma os de Chequia, promociónase conxuntamente o termalismo coa hidroponía”, e o responsable do Inorde, José Manuel Rodríguez, lembrou como en 1985 “había 600 aguistas enchendo os hoteis de Verín durante a tempada das augas, xerando riqueza directa e indirecta”.

Escavacións no Castro de Armea

O Concello de Allariz e a Universidade de Vigo comezaron unha nova fase de escavacións no Castro de Armea. O Castro leva anos sendo estudado coa fin de poñer en valor o patrimonio cultural de Santa Mariña de Augas Santas así como do propio castro reforzando así a capacidade de atracción turística do municipio. A través dun convenio de colaboración, os alumnos e alumnas da Universidade de Vigo continuarán coas catas no Castro de Armea, no terreo anteriormente investigado por Conde Balvís. A intervención pasa pola realización de catas co obxectivo de establecer as prioridades para o futuro do Castro. O financiamento aportado polo Concello supón un montante de 12.000 euros máis a aportación de man de obra procedente da brigada municipal.



■ Delegación portuguesa no Castro de Armea.

Cámara de Boticas

Unha delegación da Cámara de Boticas (Portugal) presidida polo director de arqueoloxía da localidade, Luís Fontes, visitou este xacemento. O obxectivo, coñecer os proxectos que en materia de arqueoloxía está a realizar o Concello, así como dar os primeiros pasos para liderar un protocolo de colaboración que permita divulgar de maneira recíproca o patrimonio arqueolóxico de ambos os municipios e estudar a posibilidade de presentar

proxectos conxuntos aos fondos europeos. Luís Fontes, gratamente sorprendido pola riqueza atopada na parroquia de Santa Mariña de Augas Santas dixo que “a cultura, o patrimonio son un alicerce das políticas de desenvolvemento do futuro que poden fixar poboación e atraer turismo”. O alcalde de Allariz, Francisco García, dixo “queremos sacar á luz toda a riqueza de Santa Mariña e facelo máis atractivo, pero tamén conseguir dinamizar a economía local a partir destes

Xornadas etnográficas do pan

Naugaráronse en Queiroás da Igrexa (Allariz) as xornadas etnográficas do ciclo do pan cunha animada participación de aldeáns, pero tamén de veraneantes e turistas franceses. “Á xente que non ou viviu, chámalle a atención estes traballos”, recoñecía José Manuel González, portavoz do grupo Espiga Mallada que, conxuntamente co Concello, organiza cada verán estas xornadas que terán unha nova cita o día 6 de agosto coa “malla” e a “moenda”. Dúas cuadrillas e preto de 50 persoas realizaron os traballos da sega, con parada incluída para un xantar amenizado por gaiteiros. Tras o atado e emendado dos preto de 150 “mollos”, preto de 250 persoas entre veciños e invitados, entre os que se atopaban representantes da Casa do Patrón de Lalín, gozaron dunha comida popular no bidueiral do Kiko e unha “foliada” con Os Faíscas.



■ Labores de seitura.



Redacción A CORUÑA

Sinatura Convenio - Universidade



O Concello asinou hoxe un convenio de colaboración coa Universidade da Coruña (UDC) enfocado a desenvolver liñas de divulgación científica na cidade. A administración local fará unha achega de 50.000 euros que ten como destino impulsar a creación por parte da Universidade dunha Cátedra de Cultura Científica. Esta cátedra formará a alumnos e alumnas en materia de divulgación científica, apoiándose para iso nos centros dos Museos Científicos Coruñeses. "A cátedra investigará e realizará estudos orientados a analizar especificamente a extensión social da ciencia, a tecnoloxía e a cultura científica e tecnolóxica.

Ademais, este cátedra derivará na creación de proxectos de innovación museo-

gráfica, co obxectivo de propiciar a formulación de novos contidos para os museos científicos a través das investigación que sexan realizadas na UDC. Tamén se promoverán estudos dende o ámbito universitario en ámbitos como a investigación e comprensión pública da ciencia. "O convenio tamén establece o fomento e realización de obradoiros científicos, exposicións itinerantes e conferencias que acheguen a ciencia á cidadanía, aos barrios, centros cívicos, bibliotecas, asociación culturais e outros puntos estratéxicos da cidade da Coruña", explicou o concelleiro de Culturas, Deporte e Coñecemento..

Axuntamos foto da firma do convenio entre o alcalde, Xulio Ferreiro, e o reitor da UDC, Julio Abalde.

Reunión Alcalde – Federación de comerciantes



O alcalde da Coruña, Xulio Ferreiro, reuniuse esta mañá no Pazo de María Pita coa nova directiva da Federación Unión de Comerciantes da Coruña (FUCC). Entre outros temas, abordaron as diversas accións postas en marcha polo Goberno local encamiñadas a promoción do comercio de proximidade, tendo especial re-

levancia nestas datas o feito de que o Concello cederá ao comercio coruñés un espazo de 400 metros cadrados en zona portuaria durante a celebración da Tall Ships Race para reforzar a visibilidade deste colectivo. É a primeira vez que se emprega este evento náutico para tal fin na cidade.

Homenaxe ás vítimas do sinistro ferroviario de Angrois

Minuto de silencio convocado polo Concello da Coruña na estación de San Cristóbal en homenaxe ás vítimas do sinistro ferroviario do Alvia 04155, e ás súas familias. O al-

calde da Coruña, Xulio Ferreiro, e membros da Corporación municipal participaron no acto, que tivo lugar ás 21.10 horas, a hora na que estaba previsto que chegase o tren á cidade hai tres anos.



Nova Escola Infantil Sardiñeira

O alcalde da Coruña, Xulio Ferreiro, visitou esta mañá as instalacións da Escola Infantil Sardiñeira, que iniciará a súa actividade o próximo mes de setembro. "A posta en marcha dun novo centro educativo é sinónimo de futuro, un futuro para o alumnado, que no día de mañá compoñerá a Coruña que está por vir e un futuro para a nosa sociedade, que só se verá enriquecida de verdade se os seus novos membros son persoas formadas nunha educación pública de calidade", sinalou o rexedor.

"A ninguén se lle escapa que un centro educativo público é un instrumento de futuro para os barrios, que revitaliza as áreas onde se asenta e facilita a vida a vida das súas veciñas e veciños. Por iso

desde este Concello facemos énfase para que os centros educativos deste municipio estean nas mellores condicións posibles, aínda cando isto supoña un esforzo económico que excede das súas competencias e que tería que vir cuberto desde outras administracións", indicou Ferreiro. "De aí o investimento histórico que o Goberno local está a acometer este ano, máis dun millón de euros para reparar as deficiencias e o deterioro acumulados nunha ducia de centros escolares da cidade. E facémolo por responsabilidade, por sensibilidade e por convencemento en que a aposta polo público, polo que é de todas e de todos, é o mellor dos investimentos, nunca un gasto", dixo.



■ O alcalde estivo acompañado na visita polo Presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, e outras autoridades.

Galicia

Redacción LUGO

Nenas e nenos de Sober decoran barricas

Nas instalacións das piscinas municipais de Sober desenvólvese este verán un obradoiro de pintura destinado a todos os nenos e nenas da comarca. O Concello de Sober organiza esta iniciativa dentro do programa das actividades da época estival que se levarán a cabo no municipio durante os meses de xullo de agosto. O obradoiro é totalmente gratuíto para todos os usuarios e usuarias das piscinas municipais. Está impartido polo pintor italiano-arxentino, afinado en Amandi, Alejandro Ciurluini e terá lugar todos os mércores en horario de tarde. Na xornada inaugural participaron unha vintena de nenas e nenos que se divertiron decorando barricas de viño, que representan un dos elementos máis característicos do concello soberino como é o viño

de Amandi. O alcalde Luís Fernández Guitián precisou que “esta iniciativa xorde despois do enorme éxito que tivo o I Concurso de decoración de barricas que o goberno local puxo en marcha na última Feira do Viño de Amandi”. Guitián recordou “que hoxe en día esas barricas forman parte do mobiliario urbano de edificios públicos do municipio, como a oficina de turismo ou o propio Concello”. O rexedor sinalou tamén que “esta actividade que puxemos en marcha é un incentivo máis para que os máis pequenos da comarca se acheguen a divertirse ás instalacións das nosas piscinas municipais”. O alcalde anima a todos os nenos e nenas “a participar neste obradoiro co que, ao mesmo tempo que pasarán en grande, aprenderán as nocións básicas da pintura da man dun artista”.



■ No primeiro día houbo vinte participantes.

XII Festival de Bandas

O auditorio soberino acoñeceu na tarde do domingo 10 de xullo o XII Festival de Bandas de Música do Concello de Sober. Neste encontro participaron dúas formacións: a Banda de Música Recreativa e Cultural de Bandeira (dirixida por José Lodeiro Gesto) e a Banda de Música de

Sober (baixo a batuta de Miguel Franqueiro Becerra). O certame tamén foi unha homenaxe a Alfonso González Fernández O Casete, ex director da Banda de Música de Sober falecido recentemente, e a José Rodríguez Medela O Pombeiro, que foi clarinete da Banda de Música de Sober e que faleceu hai un ano.



■ Unha das actuacións do festival de bandas de Sober.

Saneamento e depuración para Sober



■ Beatriz Mato e Luís Fernández Guitián.

A conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Beatriz Mato, e o alcalde de Sober, Luís Fernández, asinaron o convenio de colaboración que permitirá dotar de saneamento e depuración aos

núcleos de Ferrón, A Igrexa e O Pinar, situados na parroquia de Bolmente. Na actualidade, estes núcleos só dispoñen de rede de abastecemento, pero non de saneamento. Coas actuacións incluídas no convenio,

solucionarase esta situación ao proporcionar un sistema de depuración axeitado para estas poboacións. En concreto, o Goberno galego destinará algo máis de 400.000 euros –tal e como se aprobou previamente no Consello da Xunta– a acometer estas melloras, un orzamento que está cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER). A conselleira fixo fincapé en que este tipo de colaboracións entre a Xunta e os concellos garantan a subministración de auga en calidade e cantidade á cidadanía e dan cumprimento á Directiva Marco da Auga; axúdase ás entidades locais a mellorar a rede de abastecemento secundaria; e garántese o abastecemento e regulación dos recursos hídricos en calidade e cantidade coa realización das obras de infraestrutura necesaria, velando así mesmo polo seu consumo responsable e fomentado o seu aforro.

CONCELLO DE SOBER

XXI Festa da Rosca
12 agosto 2016

Degustación de balde de racións de rosca con queixo do país e con licor café

Teatro de adultos en Sober



■ Os actores da Escola de Teatro de Sober.

Alumnos adultos da Escola Municipal de Teatro de Sober escenificaron a peza “Memoria de Vilacendo” no prado da señora Carola con asistencia de público chegado de Monforte e Castro Caldelas. Memoria de Vilacendo fala dunha aldea no medio dun soto. Aquí cada recuncho ten o seu nome, e cada casa ten a súa historia. Vilacendo ben podería ser un reflexo de Sober ou de moitas outras aldeas: lugares cheos de vida e música que co andar do tempo foron ficando baleiros. A peza teatral reflicte o abandono do rural e a chegada de novas familias, neste caso estranxeiras (coa xenerosa participación da Familia Trail Bates), como posibilidade de revitalizar os núcleos do interior. “Que-

ríamos transmitir unha mensaxe de integración (a través da música e a banda como elemento aglutinador da mocidade) e de optimismo. Tamén as escollas lingüísticas pretendían reflectir esa mestura de culturas e persoas, por iso a obra estaba en galego e inglés” di Eva Ferreiro directora teatral. “Reivindicar tamén os oficios tradicionais como xeito de vida para a xente máis nova. Así, tiñamos por exemplo o personaxe da rosqueira, da oleira, da zoqueira e da labrega” sostén Ferreiro. En escena estiveron: Blanca Guitián Pérez, Enriqueta Harrison, María Rodríguez Trigo, Paula Vázquez Verao e a Familia Bates. O espazo sonoro foi da Banda de Sober.

Segunda edición do Rock Anllo

No campo da festa de Anllo Santo Estevo, en Sober, celebrouse o sábado 16 de xullo, a segunda edición do Festival de Rock&Anllo. O Concello de Sober colaborou coa festividade que este ano contou cos concertos de cinco grupos galegos. A xornada estivo amenizada pola actuación de tres bandas monfortinas: Coolflanders, Black Vintage

e Lapanaback; o dj local nachomoraes D.J. e o grupo blind drunk and blue. Os asistentes disfrutaron cos concertos destas agrupacións que foron de balde. O alcalde do Concello de Sober, Luís Fernández Guitián, animou a “todos os mozos e mozas da comarca e aos turistas que estean de visita na zona a participar neste evento musical”.

Festas acuáticas nocturnas e bibliopiscina en Sober

O Goberno local do Concello de Sober incorpora novas actividades na súa ampla oferta de ocio para este verán. As instalacións das piscinas municipais acollerán festas acuáticas nocturnas para todos os públicos e festas con inchables para os nenos e nenas da Comarca. Os días 27 de xullo e 9 de agosto celebraranse as primeiras festas acuáticas nocturnas do municipio que se iniciaran as 22:30 horas e se prolongarán ata as 02:30 horas. Amais de permitirse o baño en horario nocturno estas festas contarán con animación musical e co servizo de bar que ofrecen as instalacións. O alcalde, Luís Fernández Guitián, sinalou que a festividade pretende “que os veciños e veciñas disfruten da nosa piscina tamén nestas fermosas noites de verán”. Guitián precisou que “será totalmente gratuíta para todos os asistentes e contará coa presenza de dous socorristas”. Os días 22 de xullo e 11 de agosto as instalacións das piscinas municipais acollerán as tradicionais festas con inchables que xa se celebraron en anos anteriores. Estas xor-

nadas, destinadas aos máis pequenos, iniciaranse as 13:00 horas e finalizarán as 21:00 horas. O alcalde apuntou que “estas iniciativas que puxemos en marcha son un incentivo máis para que os veciños e veciñas se acheguen a divertirse ás instalacións das nosas piscinas”. O rexedor salientou que “o Concello de Sober conta este ano cun amplo programa de ocio nas instalacións da piscina municipal”. E avanzou que “ademais destas actividades, contaremos con diversas sesións de contacontos os días 28 de xullo, 4 de agosto, 10 de agosto e 18 de agosto”. Guitián recordou que “tamén temos dispoñible todos os días a bibliopiscina; os cursos de natación para nenos e adultos, os martes e xoves; o aquagym, os mércores e venres; e un obradoiro de pintura para os pequenos da familia todos mércores”. O alcalde animou “a todos os veciños e veciñas do municipio soberino así como aos do resto da comarca a participar destas actividades coas que pasar un anaco agradable e disfrutar do verán”.



■ As piscinas de Sober, centro de ocio para o verán.



Prato especial: Gramalleira. Ven a probalo!

aCantina desde 1947

Fin de semana completo en Vila Donatus

Tour turístico en tren Tschu-Tschu.

Visita Via Appia e Adegas Regina Viarum.

Almorzo, xantar e cea en Restaurante a Cantina.

Noite en apartamento Vila Donatus.



Tlfs. 982 19 87 17 - 630 33 35 79. Doade 79. Sober Km. 12 estrada Monforte a Castro Caldelas

XXI Feira da Rosca en Sober



■ Presentación da Festa da Rosca.

O alcalde de Sober, Luis Fernández Guitián e o concelleiro José Quevedo Pérez, acompañados dos rosqueiros Moncho Álvarez e Teresa Rodríguez, presentaron o cartel da

XXI edición da Feira da Rosca que se celebrará os días 11 e 12 deste mes no municipio. Tal como adiantaron dende o Concello (organizador do evento en colaboración con Queserías

Prado, Artesanía de Galicia, Deputación de Lugo e a Xunta de Galicia) o programa deste ano "conta cun programa máis completo que noutras edicións ao incluír un amplo abano de

actividades para todos os públicos". O alcalde Luís Fernández Guitián ensalzou "a importancia que ten esta cita, xa consolidada no noso calendario, para o municipio". E engadiu que "despois de 21 edicións, a Feira da Rosca converteuse nun dos eventos con maior tradición da Ribeira Sacra a través do que podemos enxalzar os produtos da zona e a nosa saborosa rosca. Deste xeito conseguimos ademais manter vivo o traballo e a tradición dos nosos rosqueiros e rosqueiras". Guitián avanzou que a festividade arrancará o xoves, 11 de agosto, a partir das 13:00 horas coa celebración dunha festa acuática con inchables nas piscinas municipais. Ás 19:30 horas presentase a campaña de promoción do selo da leite de calidade galega 100%. Ás 21:00 horas, procedese á apertura dos stands, situados na Praza do Concello. Logo o grupo de música de folk de Ribas

de Sil deleitará aos asistentes coa súa actuación e dará paso á degustación gratuíta de rosca con licor café entre o público. A feira seguirá o día grande, o venres 12 de agosto a partir das 10:00 horas co disparo das bombas de palenque. Despois abriaranse as portas do recinto feiral e darase paso á actuación do grupo de música tradicional de San Clodio. Sobre as 11.30 horas os nenos e nenas poderán desfrutar do espectáculo de maxia 'Ilusións Ópticas' a cargo do mago Romarís. Ao mediodía, sobre as 13:00 horas, farase a tradicional degustación gratuíta de 2.000 racións de rosca con queixo e o grupo de música tradicional de San Clodio animará de novo a xornada. O alcalde animou a todos os veciños a participar desta festividade, así como á xente de toda comarca e aos visitantes que se atopen no municipio.

O PP de Monforte esixe que se eliminen as barreiras arquitectónicas da Casa da Cultura

O Grupo Municipal do PP de Monforte presentou unha iniciativa para o seu debate no Pleno na que esixe ao Concello que elimine as barreiras arquitectónicas que afectan o edificio da Casa da Cultura Lois Pereiro. En concreto, o PP pide que se interveña tanto no que afecta á posta en servizo do ascensor, como a facer accesibles os aseos da planta baixa, así como aquelas outras barreiras que poidan impedir a accesibilidade a persoas con mobilidade reducida. O PP explica que hai xa varios anos instalouse un ascensor no edificio que non chegou a poñerse en funcionamento, salvo para subir uns mobles en certa ocasión. Así, as actividades culturais e educativas que se realizan no inmoble non poden ser desenvolvidas por persoas con mobilidade reducida, pola imposibilidade de acceder ás plantas superiores onde se sitúa a biblioteca e as aulas da UNED. O orzamento elevado ao Pleno para 2016 polo equipo de Goberno contemplaba unha partida de 20.000 euros para a reposición do elevador. "Este grupo descoñece as razóns polas que, despois de investir na instalación do ascensor, fai escasas anualidades, é necesario orzar outros 20.000 euros para a súa reposición ou posta en funcionamento", explica a portavoz, Julia Rodríguez. A edil popular indica que se o ascensor está afectado por algún tipo de deficiencia ou circunstancia que impide a súa posta en funcionamento, "non se entende que non se formularon as reclamacións necesarias,

como tampouco se entende que transcorridos varios meses desde que se aprobou o orzamento, e o acordo plenario correspondente, o ascensor siga sen estar operativo". As barreiras arquitectónicas non só impiden a accesibilidade á biblioteca e as aulas da UNED das plantas superiores, senón que tampouco son accesibles os aseos que se sitúan na planta baixa do edificio, xa que contan con chanzos na súa entrada.



■ Casa da Cultura de Monforte de Lemos.

Obras de urbanización da rúa da Igrexa en Sober



■ Estado actual das obras na rúa da Igrexa.

Avanzan a bo ritmo as labores de urbanización da contorna da rúa da Igrexa de Sober. Así o explica o alcalde, o popular Luis Fernández Guitián, quen precisou que estes traballos, foron subvencionados pola Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia a través do Plan de Melloras de Infraestruturas Municipais. O rexedor apuntou que estas obras "contan cun presuposto de 71.895 euros, dos cales o Concello de Sober achega a contía correspondente ao IVE, que supón un montante total de 12.477 euros". As obras consisten, en concreto, na renovación por completo do pavimento do entorno da Rúa da Igrexa

dende a súa intersección coa rúa Progreso ata a rúa Comercio. Ademais tamén se renovarán as escaleiras de acceso á rúa da Mina e habilitarase un paseo peonil polo camiño do Sabugueiro ata a estrada de Monforte. O rexedor sostén que "as actuacións tamén mellorarán o tráfico rodado coa habilitación de espazos para o aparcamento na zona e, ademais, a rúa da Igrexa contará tamén cun espazo peonil". Guitián salientou a importancia da execución destas obras "que teñen a finalidade de renovar por completo espazos emblemáticos da localidade e pretenden mellorar o día a día dos nosos veciños e veciñas".

Protección civil e grupo de emerxencias de Avión



■ O colectivo de voluntarios de protección civil de Avión existe desde 1998.

O director xeral de Emerxencias e Interior, Luís Menor, visitou o concello de Avión, para coñecer a agrupación de voluntarios de protección civil (AVPC) e o Grupo de Emerxencias Supramunicipais (GES), así como as súas inxerencias nesta materia. A AVPC de Avión conta con 14 membros e foi rexistrada no ano 1998, e dende entón sigue ininterrompidamente a súa labor na prevención e intervención, no seu caso, das emerxencias, tanto no seu termo municipal como axudando aos concellos limítrofes. No ano 2013 inicia a súa andaina o

Grupo de Emerxencias Supramunicipais (GES) que ven a reforzar as actividades desenvolvidas pola AVPC incrementando a dedicación ao tratarse dun grupo de carácter profesional. Ambas entidades comparten base, medios e recursos. O GES conta agora con 9 membros e atende tamén aos concellos de Boborás e Beariz. O concello de Avión reforzou os seus medios materiais, tanto para Protección Civil como para os GES o ano pasado, cun vehículo todo terreo pick-up, un espaxador de sal e un Remolque de Emerxencias, e durante este ano poderá dispoñer dun novo Remol-

que de Salvamento e Rescate. Dende o Goberno galego apóiase o labor do voluntariado de protección civil, en temas como a formación, axudas económicas para o funcionamento das AVPC e equipamento cedidos aos concellos para a súa utilización polas AVPC. Para iso, no 2015 iniciouse unha campaña de motivación do voluntariado que ten coma obxectivos principais pór en valor o labor altruísta e solidario de todo o persoal voluntario protección civil que na actualidade forma parte das diferentes AVPC que cobren o territorio galego, ademais de potenciar este voluntariado en aqueles concellos que non dispoñen na actualidade de AVPC e estarían interesados en formalala; reforzar, incrementando o número de voluntarios aquelas AVPC que así o desexen e reafirmar aquelas AVPC, que xa veñen funcionando ben. Actualmente, a nosa comunidade conta con 220 Asociacións de Voluntarios de Protección Civil, das que 73 están na provincia da Coruña, 37 en Lugo, 65 en Ourense e 45 en Pontevedra, que aunan un total de 4.527 voluntarios en toda a nosa comunidade.

Nova ponte sobre o Miño nos Peares

A conselleira de Infraestruturas e Vivenda, Ethel Vázquez, xunto coa delegada territorial da Xunta en Lugo, Raquel Arias, supervisou o avance das obras da nova ponte sobre o Miño nos Peares, que segundo indicou, estarán rematadas no vindeiro mes de setembro. A ponte xa une as dúas beiras do río e só restan os traballos de recheo da estrutura, estender o pavimento de formigón, colocar os lastros (adoquins) e a iluminación led na ponte. Vázquez Mourelle subliñou que esta infraestrutura, cun investimento de 2,7 millóns de euros, contribuirá a reforzar os vínculos que xa existen entre estes catro concellos e suporá unha mellora da calidade de vida dos veciños.

Ademais, engadiu que reportará un maior dinamismo económico a toda esta zona xa que as mellores comunicacións supoñen tamén un estímulo para o turismo. A titular de Infraestruturas destacou que se trata dun fito importante o feito de que xa estean unidas as marxes, xa que vai permitir completar as comunicacións entre ambos os lados do Miño: pola marxe dereita cos concellos de Carballedo e A Peroxa, e coa estación de ferrocarril; e pola esquerda, cos municipios de Pantón e Nogueira de Ramuín, e a N-120. Esta nova ponte evitará que os veciños teñan que facer un percorrido de máis de 5 KM por estradas sinuosas, xa que na actualidade vense obrigados a cruzar dunha marxe do río á outra a tra-

vés da presa dos Peares, situada a uns 2,5 KM dos principais núcleos de poboación. A conselleira destacou que a nova infraestrutura é integramente galega, desde o deseño ata a empresa construtora. Conta cunha lonxitude de case 200 metros e un ancho de 5 metros e isto posibilitará o uso compartido por parte de vehículos e peóns, aínda que se lle dará prioridade ao uso peonil. Para completar e favorecer os desprazamentos a pé, a Xunta construírá unha nova senda de máis de 300 metros que comunicará a ponte co núcleo de casas situadas augas arriba, nos Peares, pola marxe esquerda. Ethel Vázquez sinalou que o Goberno galego está a traballar por mellorar a mobilidade e por incrementar a seguridade viaria dos veciños da Peroxa, de Pantón, de Carballedo e de Nogueira de Ramuín, co obxectivo de que teñan unha mellor comunicación coa rede principal de estradas. Estas actuacións están a ter un especial coidado coa paisaxe, protexendo un espazo de valores paisaxísticos excepcionais, por iso a ponte ten un deseño que encaixa co contorno e unha estética que minimiza o seu impacto visual.



■ A ponte entrará en servizo neste outono.

Campamentos de verán en Baños de Molgas



■ Convivencia de mozos en Baños de Molgas.

A contorna da estación de ferrocarril de Baños de Molgas é un ano máis punto de referencia para a realización de campamentos de verán para mozos de toda España. Esta actividade, iniciada no 2015, é froito da aposta da Deputación de Ourense, a través do INORDE, de promover e fomentar a convivencia e a formación dos mozos unido á promoción dos espazos naturais da provincia de Ourense. No "Arts Camp" que organizou o Centro Educativo Internacional O Xarama, nenos e nenas de entre 11 e 16 anos participaron no Campamento que ten como fin a inmersión na lingua inglesa a tra-

vés de actividades de lecer e formativas baseadas na creatividade audiovisual. A convivencia no albergue da estación fomenta a convivencia e amizade entre os alumnos que aprenden o idioma dunha maneira lúdica a partir de tarefas relacionadas coa sétima arte contando para iso coa colaboración de docentes expertos na materia. Esta actividade complementase con excursións, rutas de sendeirismo e actividades deportivas, turísticas e culturais. En agosto, 40 mozos da Xunta de Castela-León participarán nun novo Campamento de Cinema que terá como escenario principal a estación de Baños de Molgas.

Convenio de colaboración en Celanova

A conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Beatriz Mato, asinou co alcalde de Celanova, José Luís Ferro, o convenio de colaboración que permitirá mellorar as redes de abastecemento en Feal e Casetas de Ansemil. Os traballos contarán cun orzamento de 360.000 euros a distribuír entre este ano e o seguinte, e que estará cofinanciado polo Fondo Europeo

Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER). Actualmente, os núcleos de Feal e Casetas de Ansemil non dispoñen de rede de saneamento e a rede de abastecemento non se atopa nun estado satisfactorio. Por este motivo, executaranse novas rede de saneamento e abastecemento, que se conectarán ás xa existentes, para dotar destes servizos ás vivendas emprazadas na zona.



■ Beatriz Mato e José Luís Ferro, en Santiago.

Galicia

Redacción OURENSE

Captación de auga para Riós

A Xunta de Galicia colaborará co concello de Riós na execución dunha nova captación en Venda da Barreira. A conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Beatriz Mato, e o alcalde de Riós, Francisco Veiga Romero, asinaron o convenio de colaboración que permite levar a cabo esta infraestrutura hidráulica que ten un orzamento de case 350.000 euros. Tal e como sinalou a conselleira, coa sinatura do convenio, Augas de Galicia pode licitar a obra e así, iniciar as mesmas este ano. Engadiu que a necesidade desta actuación reside no feito de

que o Concello de Riós abastécese dende o depósito xeral de Vendas da Barreira, alimentado polo bombeo de auga situado no río Mente. As obras consistirán na execución dunha nova captación de auga, e as conducións necesarias, que permita o transporte da mesma por gravidade dende os nacementos dun afluente do río onde actualmente se capta. Esta mellora dará servizo a unha poboación estimada de 1.800 habitantes. Tamén se actuará na rede xeral, polo que dende o depósito-arqueta de reunión ata o punto de conexión na rede actual, no cruce co Río Mente, instalárase unha



■ Beatriz Mato e Francisco Veiga Romero.

tubaxe en varios tramos cunha lonxitude distinta, 1.416, 1.864 e 445 m; e o último tramo será de fundición cunha lonxitude de máis de

dous quilómetros (2.041 metros). Medio Ambiente e Ordenación do Territorio tamén colabora co Concello de Riós na mellora da praza da Trepá,

cunha achega de máis de 161.000 euros. Esta actuación, que forma parte dos Pla Hurbe, servirá para adecuar este espazo público e recuperalo como unha área de interacción social, cunhas mellores condicións de seguridade para os seus usuarios. Esta praza constitúe un lugar de reunión para celebración de diversos eventos e actuacións, entre as que destaca a Romaría das Dores, que conta con moita afluencia de público, polo que o acondicionamento da praza faise necesario. É a quinta actuación que se acometerá no concello con cargo ao Plan Hurbe.

A Gudiña renova o abastecemento

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio destinará máis de 300.000 euros a renovar parte da rede de abastecemento e a construír un novo depósito de auga no concello da Gudiña. Así se recolle no convenio asinado pola titular deste departamento autonómico, Beatriz Mato, e o alcalde da localidade, José María Lago. En concreto, os traballos incluírán a construción dun novo depósito de auga de 500 metros cúbicos que permitirá solucionar o problema de abastecemento do polígono industrial. Ademais, executarase un tramo novo de rede de 492 metros de lonxitude para conectar o depósito que xa existe, de 250 metros cúbicos, ao polígono industrial. Ao mesmo tempo, substi-

tuirase a deteriorada rede actual por unha nova ao longo de máis de 3.000 metros. A Gudiña presenta actualmente certas deficiencias pola súa antigüidade, aínda que xa se foron realizando melloras nas captacións e noutras partes da rede. O polígono industrial non dispón de servizo, polo que as naves se están abastecendo de pozo individuais. A sinatura deste convenio permitirá dar solución a ambas problemáticas. Esta actuación, cofinanciada polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), ten como obxectivo garantir a subministración de augas en calidade e cantidade á poboación, mellorar a súa calidade, e garantir o abastecemento e regulación dos recursos hídricos.



■ Beatriz Mato e José María Lago.

Novo centro de saúde no Pereiro de Aguiar

O conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuiña, e o alcalde do Concello do Pereiro de Aguiar, Eliseo Fernández Gómez, asinaron un convenio de cooperación para a execución das obras de construción dun novo centro de saúde no municipio a fin de dar unha mellor resposta aos problemas de saúde da colectividade mediante unha máis rápida atención asistencial á cidadanía. Segundo o convenio, o Concello do Pereiro de Aguiar comprométese a realizar todos os trámites patrimoniais e urbanísticos que sexan necesarios a fin de posibilitar a cesión patrimonial ao Sergas dunha parcela libre de cargas e gravames, coa clasificación de uso sanitario. Ademais, asumirá todos os gastos necesarios para dotar á parcela para a ampliación do centro das infraestruturas necesarias, tales como acceso rodados e peonís, abastecemento de auga, saneamento, subministración eléctrica, etc. Pola súa banda, o Sergas comprométese á elaboración e de ser o caso, á supervisión, e á aprobación do proxecto técnico, así como a contratar, dirixir e executar as



■ Vázquez Almuiña e Fernández Gómez asinaron un convenio de cooperación.

obras de ampliación, con cargo aos seus orzamentos. O Servizo Galego de Saúde xa realizou un plan funcional para construír un novo centro de saúde neste concello, no que se contemplan tres consultas de medicina xeral, dúas de enfermería, unha para a matrona, unha sala polivalente, unha de pediatría, unha de enfermería pediátrica, e unha sala de educación sanitaria, ademais doutros

espazos como aseos, almacéns e sala de xuntas. O conselleiro de Sanidade dixo que esta sinatura enmárcase nunha das liñas da Estratexia do Sergas que é modernizar as infraestruturas da rede de atención primaria. "Queremos facelo de xeito sostible e para mellorar a asistencia prestada aos cidadáns. Neste caso, falamos dos preto de 3.500 pacientes aos que se presta atención primaria no actual centro de saúde".

ALTO DO COUSO
RESTAURANTE - CAFETERÍA - PENSIÓN

10€
Menú diario

15€
Fin de semana e festivos

Estrada OU-536 - Tfno. 988 463 004 - 699 461 982 - OURENSE

A DESPENSA DO FUENTEFRÍA
Afumados · Ensaladas
Croquetas de bacallau

Rúa Virlato, 7. Casco Vello - OURENSE

Galicia e Portugal están de Festas de Verán



**Festa
do Xamón
da Cañiza**

Páxina XVIII



**Festa
da Istoría
en Ribadavia**

Páxinas XXI



**Festa dos
Remedios en
Castro Caldelas**

Páxinas XXIII



**Melgaço
en Festas
(Portugal)**

Páxinas XXVI



**Festas
patronais en
Montederramo**

Páxinas XXXI



Quinta do Regueiro
RESERVA

Espumante
Medalha de Ouro em
LONDRES

- Campeão Ibérico
(Prova Ibérica de Alvarinhos)
- Tetra Campeão
4 Medalhas de ouro consecutivas
Concurso C.V.R.V.V. (2008, 2009, 2010, 2011)

Grande Medalha de Ouro
Alemanha
- **Melhor Vinho Branco Nacional**
(Centro de Congressos em Lisboa)
- **Medalha de ouro**
(Alvarinho International Wine Challenge)

15 anos de grandes conquistas



Especial Festa do Xamón

A CAÑIZA


PONTEVEDRA

www.caniza.org





15 agosto 2016



Festa de Interese turístico de Galicia



CONCELLO
DACAÑIZA



XUNTA
DE GALICIA

galicia

//ABANCA

50

FESTA-FEIRA DO XAMÓN DA CAÑIZA



Rúa Progreso, 15
Telfs. 986 65 14 26
986 65 13 88
36880 A CAÑIZA
Pontevedra

Especialidades de Inverno:

- Coido gallego
- Cabrito
- Bacalao
- Caza
- Lamprea
- Anguillas

Especialidades de Verano:

- Carnes gallegas
- Mariscos de las Rías
- Parrilladas de Pescados
- Arroz con Bogavante

- ♦ Amplios Salones para toda clase de Celebraciones Sociales y Familiares
- ♦ Local Climatizado
- ♦ Aparcamiento Propio
- ♦ A 25 minutos de Vigo y Orense

Especial Festa do Xamón



50 FESTA FEIRA DO XAMON DA CAÑIZA
DO 12 O 15 DE AGOSTO 2016

VENRES 12 AGOSTO
22.30 CONCERTO - HOMENAXE Á CANTAREIRA "CONCHA DE LUNEDA" COS GRUPOS "XISTRA DE CORUXO" E "GUADI GALEGO"
00.30 XAMÓN DANCE 2016
XAMON DANCE FESTIVAL **IL GARCIA - COSMIK**
JHON MAYZE & MIGUEL FARIA • DUMORE • DILAGE

SÁBADO 13 AGOSTO
17.30 "ORRADOIRO NOCTURNO DO XAMÓN" NA RUA ORIENTE
POLA NOITE, VERBENA NA PRAZA MAIOR CON
"LA EDAD DE ORO DEL POP ESPAÑOL"
PRESENTACIÓN DA CANCIÓN DO 50 ANIVERSARIO "FESTA DO XAMÓN"
"GRUPO M3"

DOMINGO 14 AGOSTO
19.00 CURSO DE "CORTE DE XAMÓN" E "CATA DE VIÑOS" NA RUA ORIENTE
POLA NOITE, VERBENA NA PRAZA MAIOR COS GRUPOS
"LA OCA" E "ALCÁZAR"

LUNS 15 AGOSTO
"50 FESTA FEIRA DO XAMON"
11.00 Venda de Tickets para a Degustación de Racións Elaboradas con Xamón.
12.00 Desfile da Comitiva do Xamón cos actuación do grupo "Troboada Baixo Miño"
13.00 Discurso de Benvida e Lectura do Pregón a cargo de Don José Luis Bacear
13.30 Actuación do grupo Folk "Os do Cruceiro" de A Cañiza e o Grupo de Danzas "Santa Cristina de Valeixa"
14.30 Entrega de Premios aos Gañadores do "Concurso Cortadores de Xamón"
SORTEO DE TRES XAMONS de "A Cañiza"
18.00 Pasarrúas e Actuación na Praza Maior do Grupo "O Fiadeiro de Vigo"
18.00 Torneo de Fútbol "Festa do Xamón" no Campo de Fútbol de O Vieiro
19.00 Espectáculo Infantil de animación na "Praza Maior"
20.30 Espectáculo de Xustas e Torneo Medieval polo Grupo de Especialistas "Hípica Celta" no recinto do Edificio Comarcal (O Vieiro)

VERBENA NOCTURNA AMENIZADA POLAS ORQUESTRAS
CHARLESTON • XACOBEO

XUNTA DE GALICIA **galicia** **ABANCA** **DEPUTACIÓN PONTEVEDRA** **ASORIXAS**



Hotel Pozo
eventos y banquetes

Ctra. Nacional 120 Enlace A - 52
36880 A CAÑIZA (Pontevedra)

Tel. Hotel + 34 986 651 050
Tel. Rest. + 34 986 651 051
Fax . + 34 986 651 598
mail - hotelopozo@hotelopozo.com
www.hotelopozo.com

Tel. 986 65 14 75
986 65 10 13

Movil. 664 22 09 24
665 58 68 82
671 32 80 82

MARCHIÑAS
SERVICIOS FUNERARIOS
CONDADO PARADANTA
www.funerariamarchinas.es

SEGUROS • LÁPIDAS • FLORESTERÍA • GESTIÓN POSTMORTEM
mail. fatima@funerariamarchinas.es

alfa2nutricion@gmail.com **Alfa² Nutrición** **Nutrición**
Suplementación Deportiva - Dietas personalizadas

c/ Oriente, 5 - A Cañiza (Pontevedra) Teléfonos: 670 806 815 - 639 673 026 - 986 651 433

SCITEC NUTRITION
DISTRIBUIDOR OFICIAL

PRO LINE **WOD** **SCITEC NUTRITION**

(Proxima apertura septiembre) Avda balaidos 37 Vigo

Especial Festa do Xamón

50 Aniversario Festa – Feira do Xamón da Cañiza

SAÚDA



Miguel A. Domínguez Alfonso
Alcalde do Concello da Cañiza

A Festa - Feira do Xamón de A Cañiza cumpre 50 anos. Unha longa traxectoria percorrida por un extraordinario grupo de homes e mulleres desta terra que puxeron a súa ilusión e empeño en ofrecer e dar a coñecer a turistas e visitantes o mellor de A Cañiza no que a gastronomía se refire: o noso xamón. E a súa perseveranza foi tal que hoxe os cañicenses temos o pracer de celebrar o seu 50 Aniversario. Toda unha honra que queremos compartir convosco, cos amigos e veciños, turistas e visitantes, emigrantes e estranxeiros, sen excepción e participación non sería posible cumprir as nosas Votas de Ouro.

Para conmemorar esta efeméride preparamos unha completa programación baixo o lema “Semana Grande das Festas do Xamón”, do 8 ao 15 de agosto,

deseñada para satisfacer todos os gustos e dirixida a todos os públicos. Música, cursos de corte de xamón e cata de viños, espectáculos infantís, conferencias en torno ao xamón, exposicións, concursos literarios e de poesía forman parte desta selecta programación que poderás consultar ao longo destas páxinas.

Os actos oficiais forman parte tamén desta semana Grande. A entrega de galardóns e recoñecementos aos fundadores e principais organizadores das festas e o acto de homenaxe á propia festa e o descubrimento dunha escultura alegórica realizada polo magnífico pintor e escultor cañicense Diego de Giraldez, serán os actos oficiais máis importantes deste 50 Aniversario. Todo iso culminará o propio 15 de agosto coa celebración da prestixiosa Festa-Feira do Xamón da Cañiza no centenario emprazamento da Carballeira do Cacharado.

Coa organización desta programación e actos oficiais esperamos estar á altura deste gran acontecemento.

O noso obxectivo para este 50 aniversario non é outro que ofrecer a mellor das festas e traballar para que todos os que nos visiten nestes días nos lembren con agarimo e volvan á Cañiza. Este é o noso reto. Se o conseguimos todo o esforzo e dedicación pagará a pena.

Un gran saúdo e vos esperamos o 15 de agosto na Carballeira do Cacharado, lugar onde celebraremos o 50 Aniversario da recoñecida Feira do Xamón da Cañiza.

Por: Edu Pérez

“AO CÉSAR O QUE É DO CÉSAR” HOMENAXE AOS FUNDADORES



En esta 50 edición, os fundadores e organizadores da Festa Feira do Xamón, foron homenaxeados nun acto oficial celebrado nas dependencias da Casa da Cultura da Cañiza ao que asistiu numeroso público, así como familiares dos impulsores e veciños do concello que virón en este acto unha maneira de conmemorar e arroupar a aqueles que coa súa visión de futuro e o seu

esforzo souberon levar o nome da CAÑIZA por todo o mundo a través do seu preciado xamón.

A importancia deste acto para os cañicenses fixo posible a presenza neste homenaxe do Presidente da Xunta de Galiza Alberto Nuñez Feijóo, o alcalde da Cañiza Miguel Domínguez e o exalcalde Cesar Mera, quen durante 35 anos estivo a fronte da súa organización.

Asesoramiento Personalizado

TEL:
986 6513 52
986 6515 54
MOVIL:
628 0619 05

M. CARMEN FERNANDEZ SAMPAYO

XESTASERVI, S.L.

Profesores titulados cualificados

C/ Antonio Facorro 16 bajo
La Cañiza Pontevedra

asesoria@xestaservi.net

Armería
Ferretería
Transportes

Julio Pérez Giraldez

Tele/Fax: 986 651 052
Móvil: 606 361 556
julio.perezgiraldez@hotmail.com

C/ Progreso, 81
36880 A CAÑIZA

CACHEIRAS
REGALOS Y ARTÍCULOS DE
FUMADOR

986651135

ANTONIO FACORRO, 2
36880 A CAÑIZA

Xamón 2016

O PINCHO DA AVOA

TAPERÍA - BOCATOS - TABERNA

MENU DE MARTES A VIERNES

RUA PROGRESO 86 - 36880 - A CAÑIZA

TELS.: 986 65 13 99 / 647 805 878

Felices Festas

Casa Eligio
RESTAURANTE

C/ del Carmen, 2
36880 A Cañiza
Tel.: 986 651 047

Especial RIBADAVIA

Festa da Istoria en Ribadavia o 26 e 27 de agosto



da Prata; froitas de estación, tarta de castaña e de amendoa, melindres, amendoados, augardente de herbas e licor café. O menú do xantar poderá sufrir algunha modificación segundo o mercado. É imprescindible asistir vestido de época. O xantar estará ambientado por grupos de música e exhibición de cetrería. Reservas e máis información: yoly@festadaistoria.com.


Ribadavia celebra o 26 e 27 de agosto, venres e sábado, unha nova edición da Festa da Istoria que recorda anualmente a historia da vila e a súa bisbarra. A celebración achega ao presente as tradicións e vivencias de épocas pasadas nunha recreación medieval onde se encontran representadas as

recuperación de xogos populares e exposicións posibilitando así o enriquecemento cultural da comarca. A actividade principal é a "Festa da Istoria" e para iso non se escatiman esforzos que se ven recompensados polos distintos recoñecementos a nivel rexional, estatal e internacional (Está declarada de Interese Turístico Na-

(Ourense) e os gañadores dos dous accésits son o deseñador gráfico Rubén Lucas García, de Torrealguera (Murcia) e José Ramón Pérez Martínez, de Ourense.

Programa

A programación desta edición sairá nos próximos días, pero xa podemos adiantar que durante o venres 26, previo ao día grande da Istoria, as persoas que se acheguen a Ribadavia poderán gozar de tres concertos de música, Coro da Istoria, 2na Fronteira e Kepa Junquera para finalizar cun *espetáculo de lume e pirotécnica na fachada do Castelo dos Sarmientos e así dar paso ao sábado 27 onde todo trasládase ao medieval e empeza co Gran Desfile de época ás 11:30 ao que lle continuarán decenas de actividades preparadas por centos de voluntarios para facer viaxar no tempo a todos os visitantes que ese día achéganse a Ribadavia. O xantar medieval realizase dentro da Igrexa da Madalena, no mesmo centro do casco histórico. O número de persoas que poden participar é de oitenta e cinco e o prezo por persoa é de 38 maravedís (38 euros), podendo gozar de produtos medievais nun ámbito único decorado e engalanado para a ocasión. O xantar será ás 14,30 do sábado 27 de agosto con seguinte menú: empanada de carne, de vieras e de xoubas; troitas en escabeche, polbo á feira cabrito ó espeto, cervexa artesanal; viños tintos e brancos Ribeiro, auga da Fonte



